



# Programa primeira experiencia profesional nas administracións públicas [TR349U]

## Contratación de persoas mozas desempregadas

**Orzamento**  
11.223.426 €

Aberto o prazo ata o  
**3 de febreiro**



### Persoas beneficiarias

→ Órganos da Administración da Xunta de Galicia e os seus organismos autónomos.

→ Demais entidades que integran o sector público autonómico de Galicia.



### Requisitos das persoas a contratar

- 1º Persoas entre 16 e menores de 30 anos desempregadas e inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia.
- 2º Persoas que cumpran os requisitos exixidos pola modalidade de contrato en prácticas a formalizar (\*).

### Crterios a ter en conta na selección das persoas a contratar

- Maior adecuación ao posto de traballo ofertado.
- Dispoñer de estudos específicos relacionados coa materia a desenvolver.
- A valoración deberá realizarse mediante o uso de currículo cego.
- A oferta de emprego tramitarase a través do Servizo Público de Emprego de Galicia.
- A selección debe realizarse a través do Servizo público de Emprego seguindo as directrices da D. X. de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social.
- Unha vez contratada, designaranse unha ou varias persoas de apoio, que actúen como profesionais de referencia no tempo que dure o contrato.

(\*) Son persoas destinatarias do contrato en prácticas (ou contrato formativo para a obtención da práctica profesional segundo o novo RD-l 32/2021) aquelas que estean en posesión:

- Dun título universitario ou de F.P. grado medio ou superior, ou títulos recoñecidos como equivalentes.
- Dun certificado de profesionalidade que habilite para o exercicio profesional, sempre que non transcorresen máis de 5 anos, ou de 7 para persoas con discapacidade, desde a terminación dos estudos.





# Programa primeira experiencia profesional nas administracións públicas [TR349U]

## Contratación de persoas mozas desempregadas



### Actividades subvencionadas

→ A actividade subvencionada consistirá na contratación na modalidade de contrato en prácticas das persoas destinatarias, como medio de adquisición de práctica profesional.

#### Requisitos a cumprir

##### Actividades con prioridade:

Desenvolver tarefas relacionadas coa economía verde, dixitalización de servizos, cohesión social, a atención da dependencia e intervención con colectivos vulnerables, a rehabilitación de contornas e vivenda, así como o desenvolvemento local rural.

Desenvolver funcións ou tarefas que sexan competencia das entidades beneficiarias.

Favorecer a formación e práctica profesional das persoas contratadas.

Os contratos serán de 12 meses e xornada a tempo completo.

Facilitar ás persoas contratadas información profesional, orientación ou formación e cumprir as obrigas de PRL e actualizar os seus coñecementos dixitais.

Favorecer a conciliación da vida laboral, familiar, persoal e a igualdade de xénero.

→ Non se poderán cubrir prazas de natureza estrutural e estean dotadas orzamentariamente.



### Gastos subvencionables

**100%**  
Pagamento  
anticipado

A subvención destinaranse ao financiamento de 12 meses dos custos laborais das persoas mozas traballadoras que, reunindo os requisitos fixados, sexan contratadas para a adquisición de experiencia profesional no seo das entidades do sector público autonómico de Galicia.

Os custos laborais incluírán todos os conceptos á seguridade social.

A remuneración da persoa contratada en prácticas non poderá ser inferior ao 60 % do salario fixado en convenio para unha persoa traballadora que desempeñe o mesmo posto e, en todo caso, non poderá ser inferior ao salario mínimo interprofesional vixente.



### Contía e xustificación da axuda

→ A concesión e a xustificación das subvencións realizarase a través do réxime de módulos por persoa contratada participante.

→ O importe da subvención calcularase en base ao número de persoas a contratar, os meses de contratación de cada persoa e o grupo de cotización da Seguridade Social que corresponda.

→ A xustificación realizarase no prazo de dous meses tralo remate dos contratos, cunha memoria de actuación coas actividades realizadas (incluíndo a porcentaxe de participantes en competencias e empregos verdes e empregos dixitais) e unha memoria económica.

Contía máxima da subvención por persoa contratada

Módulo A (Grupos de cotización á Seguridade Social 5 a 9)

**21.405,94 €/ano**

Módulo B (Grupos de cotización á Seguridade Social 1 a 4)

**32.108,92 €/ano**

